

PAUTAS FISIOTERAPIA

En xeral, procurar que C. se mova.

- Involucrala nas actividades da vida diaria: aseo, vestido, abrir-pechar portas, apagar-prender a luz, etc.
- Da man, facela camiñar polas distintas dependencias da casa. Podemos poñer algún obstáculo para que teña que levantar as pernas ó dar o paso. Pode ir descalza para estimular as sensacións plantares.
- Traballo do equilibrio e coordinación cun adulto ó seu lado:
 - Que estea de pé sobre unha superficie inestable (por exemplo unha almofada).
 - Recoller cousas do chan.
 - Erguerse soa dende unha cadeira ou dende o sofá (cústalle cando son baixiños).
- Fomento da manipulación: encaixables, puzzles, meter/sacar obxectos dunha caixa, etc.
- Vixiar que teña unha posición correcta ó estar sentada co lombo ben pegado ó respaldo da cadeira. Evitar que estea no chan sentada cos xeonllos en "W".

A fisioterapeuta

María Orozco